



Coordinadora  
Galega de ONG para  
o Desenvolvemento

## **VOTO PARTICULAR**

formulado conxuntamente por **Ángel Bañobre González,**  
**José Luis Quintela Julián, Juan Redondo Abelenda,**  
**Xosé María Torres Bouza e Francisco Vallverdú Baena,**  
membros do Consello Galego de Cooperación ao  
Desenvolvemento en representación das ONGD galegas,  
referente ao punto 4 da orde do día "*Informe sobre a  
proposta do II Plan Director da Cooperación Galega ao  
Desenvolvemento 2010-2013*"

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2010

**CONGACODE, sesión do 5 de marzo de 2010**

**VOTO PARTICULAR** formulado conxuntamente por **Angel Bañobre González, José Luis Quintela Julián, Juan Redondo Abelenda, Xosé María Torres Bouza e Francisco Vallverdú Baena**, membros do Consello Galego de Cooperación ao Desenvolvemento en representación das ONGD galegas, referente ao punto 4 da orde do día "*Informe sobre a proposta do II Plan Director da Cooperación Galega ao Desenvolvemento 2010-2013*".

Na sesión celebrada, os cinco representantes expresamos o noso voto positivo, e por tanto a favor do plan; con todo anunciamos a formulación dun voto particular discrepante que desenvolvemos a seguir.

O Plan Director 2010-2013 presentado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza parécenos bem fundamentado tecnicamente, cunha base doutrinal axeitada e uns propósitos estratéxicos cos que de concordamos de modo xeral

A solidez do documento correspóndese coa capacidade probada da entidade responsable da redacción do borrador da proposta, o Instituto Complutense de Estudos Internacionais (ICEI-UCM), e moi especialmente coa autoridade académica e prestixio do investigador principal do estudo, o profesor José Antonio Alonso, recoñecida por toda a cooperación española. Con todo, houbéramos desexado unha maior interrelación do equipo redactor co tecido social galego en materia de cooperación internacional ao desenvolvemento (CID), ou ben a presenza nese equipo dalgunha persoa cun coñecemento ou experiencia máis directa e recente na CID galega. Sen dúbida, a coñecida relación con Galicia do profesor Alonso contribuiu a superar en gran medida estas limitacións.

Comzando xa análise do texto, queremos expresar a nosa discrepancia en relación co enunciado das **debilidades da cooperación galega** que se fai no capítulo adicado ao diagnóstico do periodo anterior, 2006-2009 en que foi executado o I Plan Director da cooperación galega. Situar o esforzo realizado no ciclo anterior como a segunda das debilidades é unha conclusión equivocada e

non coherente co posto derradeiro da cooperación galega no conxunto das autonomías. Desde o noso punto de vista, esta é claramente a primeira das debilidades, e que debería ser asumida como tal como punto de partida para aplicar neste novo ciclo os medios necesarios para correxila.

No referente ao O.E. 6.1. (reflexado no indicador I.6.1.1) adicados **aos recursos comprometidos**, cuns desembolsos anuais para 2013, de entre 17,5 e 23,2 M de euros, se ben coa referencia de acadar nese ano a media do esforzo financeiro das comunidades autónomas (CC AA), **e xa que a referencia da política pública de cooperación é do 0,7% do orzamento consolidado, marcado na lei 3/2003, a** nosa opinión é que é un obxectivo importante pero que debería ter sido impulsado cunha maior enerxía, dada a posición de retraso na que se sitúa Galicia neste ámbito e que comentamos no parágrafo anterior. Cómpre lembrar que Galicia ocupa na actualidade e desde hai moitos anos esta posición derradeira entre as CCAA, sendo a única comunidade que sitúa o seu esforzo en 2009 por debaixo do 0,10% do orzamento consolidado. Galicia por tanto ten unha débeda histórica nesta materia que debería tentarse recuperar neste ciclo de programación de forma máis decidida, **en especial sabendo que ao final deste II Plan Director (2013) soamente quedarán dous anos para 2015, prazo marcado para a consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio, e o esforzo da Cooperación Galega quedará moi lonxe de que debería ser.**

A creación dunha **Axencia Galega de Cooperación ao Desenvolvemento**, instrumento existente e amosado eficaz en sete comunidades autónomas, xa estaba prevista na lei galega 3/2003 de cooperación ao desenvolvemento, que na súa disposición adicional cuarta indicaba que *"no primeiro plan director que se remita ao Parlamento...a Xunta de Galicia inserirá unha proposta motivada na que se pondere a viabilidade"* desta Axencia, o que foi manifestamente incumprido. Neste II Plan Director, o O.E. 8.4. marca que a proposta de creación sexa presentada *"durante o periodo de vixencia deste II Plan Director"* o que de ser levado ao seu extremo adiaría a implementación práctica da Axencia (Lei de creación, posterior inclusión nos orzamentos, etc.) para a seguinte lexislatura galega, e por tanto para 2014, 2015 ou incluso máis alá. A nosa posición é que a

proposta de creación desta Axencia, que dotaría dunha maior eficacia e flexibilidade na xestión da axuda galega, debe ser realizada na primeira metade do ciclo de programación, de modo que poda ser posta en marcha antes de rematar o Plan e a actual lexislatura.

Xa en aspectos máis específicos, como a equidade de xénero, queremos expresar a nosa opinión de que ademais de ser considerada como prioridade transversal, podería terse fixado un obxectivo numérico a acadar, como se fai con outras prioridades sectoriais enunciadas no apartado 5.3.

Algunha reserva queremos facer sobre o especificado nas convocatorias de **educación para o desenvolvemento** e fortalecemento, apartados 6.1.6 e 6.1.7, nas que se indica que *"non se establecerán máximos en canto á cantidade subvencionable"*, polo polo inhabitual que resulta esta mención noutros ámbitos da administración, e pola discrecionalidade que otorga.

Similar contención **queremos** sinalar sobre o papel a xogar pola Fundación Axencia Humanitaria de Galicia e polas Comunidades Galegas no exterior neste II Plan Director. Sobre a primeira, a **pesar de ser un instrumento que non demostrou unha eficacia tal que xustificase a aposta por ela desde a súa creación en 2003**, considerámola como un instrumento temporal de cara á implementación da Axencia Galega de Cooperación, que deberá integrar, como ocorre en todas as administracións, a xestión da acción humanitaria e do resto de compoñentes da acción pública en materia de CID.

Sobre a participación das Comunidades Galegas no exterior, a pesar do recoñecemento realizado na lei 3/2003 de consideralas de modo específico como axentes de cooperación, a experiencia durante o primeiro plan director non amosa resultados, polo que temos certo escepticismo sobre o interese destas entidades no noso ámbito. Haberá que agardar a finalizar a execución do plan para poder facer unha avaliación do papel cumprido e considerar daquela se procede ou non algunha medida no ámbito normativo.

Unha última consideración que queremos facer é a referida á participación dos restantes departamentos, organismos e entes públicos da Xunta de Galicia. A

cooperación internacional ao desenvolvemento non é, como se sinala neste plan, unicamente tarefa do centro directivo específico, senón que debe estar integrado na axenda política destes outros departamentos, o que cremos que está pouco detallado neste plan. Incluso no referente as actuacións dalgún departamento, como a Consellería do Mar, lembramos que a lei galega 3/2003 prescribe -artigo 1- que o propósito xeral debe ser "*loitar contra a pobreza*", e que entre os principios que deben marcar a axuda -artigo 3- está o "*principio de gratuidade*". Deben excluírse, por tanto, outros intereses das actuacións, algo para o que apelamos á transparencia e rigor de administración autonómica.

Agardamos que a implementación do conxunto deste plan sitúe á cooperación galega no lugar que a as poboacións necesitadas do mundo precisan e que -dacordo coas capacidades que hoxe ten de Galicia- a cidadanía galega esixe.

En Santiago de Compostela, a oito de marzo de dous mil dez.